

Tarefa 5.6. Crea un agrupamento e asígnalle unha nova tarefa



Tarefa 5.6. Crea un agrupamento e asígnalle unha nova tarefa

Obxectivos da tarefa

1. Familiarizarse cos funcionamento dos grupos.
2. Practicar a creación de actividades específicas para os grupos.

Como realizar esta tarefa

1. Accede ao espazo de prácticas, facendo clic no enlace "**Aula virtual de prácticas**" que aparece no bloque da esquina superior dereita deste curso.
2. Identifícate co usuario e contrasinal que che foi asignado para acceder ao espazo de prácticas
3. Pulsa (fai clic) sobre o nome do teu curso, o que creaches e configuraches nas tarefas anteriores.

→ CREA UN "AGRUPAMENTO"

4. Accede ao menú "**Administración -> Administración do curso -> Usuario -> Grupos**"
5. Pulsa sobre a solapa "**Agrupamentos**"
6. Pulsa sobre o botón "**Crear agrupamento**"
7. Introduce como **nome** para este agrupamento "**Agrupamento A**" e pulsa o botón "**Gardar modificacións**"
8. Pulsa sobre a icona [] que aparece ao final da liña que corresponde a este agrupamento, á dereita.
9. Marca o "**Grupo A**" e pulsa sobre o botón "**Engadir**" que aparece no medio dos recadros
10. Finalmente pulsa o botón "**Volver aos agrupamentos**"

→ ASÍGNALLE UNHA TAREFA ESPECÍFICA PARA O "AGRUPAMENTO A"

11. Crea unha nova "**Tarefa**" e asígnalla a este **agrupamento**, da seguinte maneira:
 - Crea unha nova tarefa, igual que fixeches na **tarefa 3.4** deste curso.
 - No formulario de creación da tarefa, no fondo da páxina, pulsa sobre o desplegable "Configuración común do módulo"
 - No desplegable "**Agrupamento**" selecciona "**Agrupamento A**"
 - Marca a casilla "**Disponible só para membros do grupo**"
 - Finalmente pulsa o botón "**Gardar e volver ao curso**"

→ COMPROBA QUE A TAREFA SÓ É ACCESIBLE POLOS ALUMNOS DO "AGRUPAMENTO A"

12. Entra no teu curso usando os datos dun **alumno que forma parte** do "Agrupamento A" e comproba que podes acceder a esta tarefa.
13. A continuación, entra no teu curso usando os datos dun **alumno que NON forma parte** do "Agrupamento A" e comproba que **non podes acceder** a esta tarefa.

Como enviar esta tarefa despois de realizada

Unha vez realizada a tarefa, debes enviala para corrixir seguindo estes pasos:

1. Entra na aula virtual de prácticas, identificándote co teu usuario "profesor" e entra no teu curso.
2. Pulsa o botón "**Activar edición**"
3. Edita a configuración da **tarefa** que acabas de crear, pulsado a opción "**Editar -> Editar a configuración**" da propia **tarefa**.
4. Copia a URL que aparece na barra de direccións do navegador.
5. Pulsa o botón "**Engadir entrega**" que aparece na parte inferior desta tarefa.
6. Pega a **dirección URL** que copiaches anteriormente no recadro de texto que aparece aquí, en "engadir entrega".
7. Finalmente pulsa o botón "**Gardar os cambios**".



Por qué usar agrupamentos?

Existen moitas circunstancias nas que podemos usar os agrupamentos. O seu uso máis evidente será transformar cada **grupo** (grupo-clase) nun **agrupamento** para poder asignarlle actividades específicas a cada grupo/agrupamento.

Este sería **outro exemplo** diferente de uso dos **agrupamentos dentro dunha mesma clase**:

- 1- Ti es o profesor dun curso chamado "Experimentamos co idioma inglés"

- 2.- Divides aos teus alumnos dunha mesma aula, nos seguintes 4 grupos de Moodle: "Listening", "Reading", "Speaking" e "Writing", así que na maior parte do curso traballan dentro deses grupos.
- 3.- Agora queres que os alumnos dos 2 primeiros grupos traballen nun proxecto chamado "Passive Language" e creas un agrupamento con ese nome, asignando os dous primeiros grupos a este agrupamento.
- 4.- Os outros dous grupos traballarán noutro proxecto chamado "Active Language", de maneira que creas outro agrupamento con ese nome e asignas eses dous grupos a este novo agrupamento.
- 5.- Desta maneira, cada grupo está traballando conxuntamente con outro grupo no mesmo proxecto (agrupamento) e os grupos de cada proxecto (agrupamento) non poden ver as actividades do outro.



Configuración adicional de Moodle

Para que funcione correctamente a asignación de actividades aos agrupamentos é necesario activar unha opción de configuración que só pode realizar un usuario con permisos de administrador.

Para activar esta opción no Moodle do teu centro educativo, sigue estes pasos:

- 1.- Como usuario administrador diríxete ao seguinte menú:
"Administración do sitio -> Desenvolvemento -> Experimental -> Configuración experimental"
- 2.- Marca a opción **"Activar só os membros do grupo"**
- 3.- Pulsa o botón **"Gardar os cambios"**

Estado da entrega